



### Medidas para revertir estas situacións

É posible levar a cabo unha serie de accións desde os espazos do goberno, encamiñadas a favorecer a presenza da lingua minorizada nos ámbitos formais nos que está apartada.

**Normalización lingüística:**

- Reservación de espazos de uso da lingua minorizada.
- Normalización lingüística.

## AS FUNCIÓNS SOCIAIS DA LINGUA. CONFLITO E DIGLOSIA. ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS: A SÚA REPERCUSIÓN NOS USOS.



# Funcións sociais da lingua


As funcións sociais dunha lingua son en realidade as funcións de relación social realizadas mediante esa lingua. Unha lingua pode concretar a función comunicativa de distintas maneiras. Entre elas destacan as seguintes:



**Función familiar**

# Función de identidade

realízase no marco interno do individuo,  
pois sérvelle a este para canalizar o seu  
pensamento.



# Función familiar

é a función que ten unha lingua como elemento de relación no seo da familia. É importante porque a familia é o espazo da primeira socialización, onde o individuo aprende parte das pautas que rexerán a súa vida adulta, entre elas as lingüísticas. Entre nós, o galego sobreviviu como lingua familiar durante séculos.



# APEGO é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial.



## Apego

Apego vai dirixido a vós, ás familias que vos estades a preparar para a chegada dun novo membro e tamén ás que tedes nenos e nenas ata 6 anos.

**Queremos axudar á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia,** para asentarmos o arraigo a esta terra, porque a lingua que mamamos, na que aprendemos a falar, vai ser a base da identidade futura do voso fillo ou da vosa filla. A lingua de cada pobo é un tesouro irrepertible e tamén é a cerna que lle permite existir e descubrir o mundo. Únete a nós no Apego, porque cremos no noso futuro.

# Función cultural

é a que realiza a lingua cando a súa comunidade a utiliza para expresar e recibir os conceptos e as mensaxes das ciencias e da arte do seu tempo.



# Función local

é a que realiza a lingua nos contactos diarios entre persoas do mesmo contorno (amigos, veciños, coñecidos, etc.). O cambio de lugar de residencia moitas veces carrega un cambio de lingua.

## Cambio de lugar de residencia

Un exemplo desta situación son as persoas do rural que van vivir á cidade.



# Cambio de lugar de residencia

Un exemplo desta situación son as persoas do rural que van vivir á cidade.



# Función institucional

**Unha lingua cumpre esta función cando é empregada polos individuos para comunicarse coas institucións políticas e administrativas.**



# Función laboral

é a función que ten unha lingua como elemento de relación no mundo do traballo.



**A miúdo no traballo as persoas cambian a súa lingua familiar.**

*Por exemplo, un secretario fala castelán na oficina e cando chama por teléfono a súa familia, emprega o galego.*

# **A miúdo no traballo as persoas cambian a súa lingua familiar.**

**Por exemplo, un secretario fala castelán na oficina e cando chama por teléfono a súa familia, emprega o galego.**

# Función internacional

é aquela que cumpre unha lingua cando é utilizada non só polos seus falantes orixinarios, senón tamén por persoas doutros países que a aprenderon voluntariamente como segunda lingua para comunicarse cos falantes da mesma ou con persoas doutros países que, coma eles tamén a aprenderon secundariamente.



## Linguas con función internacional

O inglés desempeña a función internacional ao ser empregado non só polas linguas, académicas, profesionais, etc., que a utilizan como lingua materna, senón tamén por falantes doutros países que a aprenderon para comunicarse con eles.

Linguas internacionais en sentido amplo hai moitas, como o francés, o alemán, o ruso, o español, etc., en menor medida, e outras.

Os estudos sociais demostran que existe unha rede social que cumpre a función internacional.

# Linguas con función internacional

O inglés desempeña a función internacional ao ser empregada non só por ingleses, estadounidense, australianos... que a teñen como lingua orixinaria, senón tamén por franceses, chineses ou galegos que a aprenderon para comunicarse cos primeiros ou entre si.

Linguas internacionais en sentido estrito hai moi poucas, quizais hoxe en día só o sexa o inglés, e, en menor medida, o francés.

# As funcións sociais da lingua

As funcións sociais dunha lingua son en realidade as funcións de relación social realizadas mediante esa lingua. Unha lingua pode concretar a función comunicativa de distintas maneiras. Entre elas destacan as seguintes:

## Función de identidade

realízase no marco interno do individuo, pois sélvelle a este para canalizar o seu pensamento.



## Función familiar

é a función que ten unha lingua como elemento de relación no seo da familia. É importante porque a familia é o espazo da primeira socialización, onde o individuo aprende parte das pautas que rexerán a súa vida adulta, entre elas as lingüísticas. Entre nós, o galego sobreviviu como lingua familiar durante séculos.



## Función cultural

é a que realiza a lingua cando a súa comunidade a utiliza para expresar e recibir os conceptos e as mensaxes das ciencias e da arte do seu tempo.



## Función local

é a que realiza a lingua nos contactos diarios entre persoas do mesmo contorno (amigos, veciños, coñecidos, etc.). O cambio de lugar de residencia moitas veces carrega un cambio de lingua.



## Función institucional

Unha lingua cumpre esta función cando é empregada polos individuos para comunicarse coas institucións políticas e administrativas.



## Función laboral

é a función que ten unha lingua como elemento de relación no mundo do traballo.



## Función internacional

é aquela que cumpre unha lingua cando é utilizada non só polos seus falantes orixinais, senón tamén por persoas doutros países que a aprenderon voluntariamente como segunda lingua para comunicarse cos falantes da mesma ou con persoas doutros países que, como eles tamén a aprenderon secundariamente.




Os estudos sociolingüísticos demostran que existe unha relación directa entre as funcións que cumpre unha lingua e o seu prestixio social.

**Os estudos sociolingüísticos demostran que existe unha relación directa entre as funcións que cumpre unha lingua e o seu prestixio social.**

# Conflito e diglosia

## Conflito lingüístico



## Diglosia



## Consecuencias

As consecuencias do conflito lingüístico e da diglosia é a substitución lingüística. En que consiste?

1. Implantación dunha lingua foránea.
2. Uso diglósico das linguas: lingua foránea → prestixio que a lingua propia
3. Lingua foránea totalmente asimilada.



Med

É posible levar  
do goberno, en  
minorizada nos

# Conflito lingüístico

## Conflito lingüístico

Tensión entre dúas linguas por acadar un maior número de falantes e funcións

Normal → 1 lingua por sociedade

Máis común → Contacto lingüístico

+ de 6000 linguas  
200 estados



# Conflicto lingüístico

**Tensión entre dúas linguas por acadar un maior número de falantes e funcións**



**Normal** → **1 lingua por sociedade**

**Máis común** → **Contacto lingüístico**

**+ de 6000 linguas**  
**200 estados**




# Diglosia

Bilingüismo pódese definir como o uso alternado de dúas linguas, isto supón a capacidade para desenvolverse de forma idéntica en dúas linguas.



## Definición diglosia

A diglosia é un fenómeno que se produce nas comunidades onde se produce unha situación de bilingüismo. Consiste en que no interior dunha sociedade dúas linguas cumpran funcións diferentes, sendo usadas en situacións e contextos distintos, unha como lingua de usos coidados ou cultos (lingua A, a dominante ou hexemónica) e outra como lingua de usos informais (lingua B, lingua dominada ou minorizada, que acostuma ser a propia da comunidade).



**Bilingüismo pódese definir como o uso alternado de dúas linguas, isto supón a capacidade para desenvolverse de forma idéntica en dúas linguas.**



### Tipos de bilingüismo

#### BILINGÜISMO INDIVIDUAL

Desde o punto de vista individual é bilingüe aquela persoa que, ademais da súa primeira lingua, ten unha competencia semellante noutra lingua e é quen de usar unha ou outra en calquera circunstancia con parecida eficacia.



#### BILINGÜISMO SOCIAL

Se nos centramos agora na existencia de dúas ou máis linguas no mesmo territorio (bilingüismo social), díse que unha sociedade é bilingüe cando nela se empregan dúas linguas diferentes, sendo bilingües boa parte dos seus individuos.  
"Isto é unha utopía"



**Cómpre distinguirmos o bilingüismo individual do bilingüismo social. Por exemplo, podemos atopar individuos bilingües en sociedades monolingües e igualmente atopamos sociedades bilingües con falantes monolingües.**

# BILINGÜISMO INDIVIDUAL

Desde o punto de vista individual é bilingüe aquela persoa que, ademais da súa primeira lingua, ten unha competencia semellante noutra lingua e é quen de usar unha ou outra en calquera circunstancia con parecida eficacia.



# BILINGÜISMO SOCIAL

**Se nos centramos agora na existencia de dúas ou máis linguas no mesmo territorio (bilingüismo social), dise que unha sociedade é bilingüe cando nela se empregan dúas linguas diferentes, sendo bilingües boa parte dos seus individuos.**

**\*Isto é unha utopía**



O bilingüismo social non é estable, senón que xera desequilibrios, desigualdades, e tensións. A desigualdade pode ser non só numérica (minoría/maioría) senón tamén xurídica (prohibición, represión e eliminación/ promoción, protección e defensa), de “status” (lingua oficial/ lingua particular) e de emprego (vida privada, comunicación oral restrinxida/ vida pública, usos formais: cultura, relixión, administración, medios de comunicación. O bilingüismo social é pois, sempre, un **bilingüismo diglósico**.

**Son dous fenómenos diferentes e estudados por disciplinas tamén diferentes:**

**a sociolingüística estuda o bilingüismo social**

**a psicolingüística estuda o bilingüismo individual**

# Definición diglosia

A diglosia é un fenómeno que se produce nas comunidades onde se produce unha situación de bilingüismo. Consiste en que no interior dunha sociedade dúas linguas cumpran funcións diferentes, sendo usadas en situacións e contextos distintos, unha como lingua de usos coidados ou cultos (lingua A, a dominante ou hexemónica) e outra como lingua de usos informais (lingua B, lingua dominada ou minorizada, que acostuma ser a propia da comunidade).

# Consecuencias

As consecuencias do conflito lingüístico e da diglosia é a substitución lingüística. En que consiste?

1. Implantación dunha lingua foránea.

2. Uso diglósico das linguas:  
lingua foránea--> + prestixio que a lingua propia

3. Lingua foránea totalmente asimilada.



## Definición de substitución lingüística

Abandono dunha lingua por outra, nos casos de conflito lingüístico diglósico a lingua que se abandona é a de menor prestixio (lingua dominada) en favor da de maior prestixio (lingua dominante).

## PERDAS

Cualitativa:  
- funcións  
- ámbitos de uso  
Cuantitativa:  
- nº de falantes

**TENGO EL ORGULLO DE  
SER GALLEGO Y HABLAR  
SÓLO EN CASTELLANO**

**ENTÓN COMA M. JACKSON  
QUE É NEGRO E FAI FOR-  
ZA POR PARECER BRANCO**



## **Definición de substitución lingüística**

**Abandono dunha lingua por outra, nos casos de conflito lingüístico ou diglosia a lingua que se abandona é a de menor prestixio (lingua dominada) en favor da de maior prestixio (lingua dominante).**

# PERDAS

**Cualitativa:**

- funciones
- ámbitos de uso

**Cuantitativa:**

- n° de falantes

# Normalización lingüística

Recuperación dos usos e das funcións da lingua minorizada.



# Medidas para revertir estas situaciones

É posible levar a cabo unha serie de accións desde os espazos do goberno, encamiñadas a favorecer a presenza da lingua minorizada nos ámbitos formais nos que está apartada.

## Normalización lingüística

Recuperación dos usos e das funcións da lingua minorizada.

